

OFERTA DE EMPREGO

06/02/2019 10:57

ENXEÑEIRO/A ELECTRÓNICO/A I+D+I

POSTO:

Enxeñeiro/a de telecomunicacións ou industrial para posto de deseño electrónico, desenvolvemento de hardware, innovación tecnolóxica e sistemas de telecomunicación na empresa cooperativa Strelia Electrotecnia (www.strelia.pro),

para traballar en sectores como a oceanografía, redes de comunicacións radio, IoT, Industria 4.0, acuicultura, ciencias da terra, agroforestal e oficina de proxectos de telecomunicacións.

REQUISITOS:

- Con **experiencia** e **vocación** no desenvolvemento de solucións de electrónica profesional en áreas como: telemetría, microcontroladores, sensores, telecomunicacións, electrónica náutica, control industrial, instrumentación, electrónica dixital e analóxica, protocolos de comunicacións e buses, sistemas radio e satélite, GPS, PCBs, FPGAs, Arduino, Raspberry Pi e equivalentes. Familiaridade coa industrialización e fabricación de produtos electrónicos e a organización industrial. Familiaridade con software e hardware libre e Linux.
- Con **capacidade e interese** para participar na definición das estratexias empresariais e comerciais, xeración de negocio, tramitacións administrativas, redacción e desenvolvemento de proxectos e traballos técnicos de campo, alén da función principal de desenvolvemento electrónico.
- Capacidade de traballo en equipo. Orientación á organización e á metodoloxía. Valorarase experiencia en sociedades cooperativas.
- Idiomas: galego/portugués, español e inglés fluídos.
- Residencia na área de Compostela.

OFRÉCESE:

- Contrato laboral e itinerario para incorporación como persoa socia na cooperativa.
- Salario inicial segundo experiencia:
 - Senior **18.000 € br/ano** + 9.500 € para achegas ao capital social.
 - Junior **15.000 € br/ano** + 9.500 € para achegas ao capital social.
- Horario: 08:00-17:00 e venres de 08:00-14:00. Posibilidades de tele-traballo parcial e conciliación familiar.
- Ambiente de traballo colaborador. Organización, profesionalidade e participación na empresa.
- Formación continua e **desenvolvemento dun perfil profesional de I+D de altas competencias.**
- **Incorporación: marzo 2019.**

Envío de CV a: info@strelia.pro